

UD8: EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

Non perxudiques a súa saúde

Decídete e deixa de fumar



Deshabitación tabáquica grupal e individual



Solicita información:
TIF. 982 400 495



UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS
Nº DE REGISTRO: C-27-00100

CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

UAD

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SAÚDE



Praias sen fume

Eu apúntome!

E ti?

Por ti e por todos...

Recorda, ninguén vivía, é a túa elección

Elixe **praia sen fume**

Coñece as praias que forman parte da "Rede galega de praias sen fume" en:
<http://www.sergas.es/Saude-publica/Tabaco>

XUNTA DE GALICIA



Maria Suárez Cotelo



«SOLO
HA SIDO
UNA
COPA,
TRALARÁ»

MENTIRA #145

María Suárez Cotelo

NO ES
POR TI ES POR
MÍ

No hay excusas.
**Usa protección
en tus relaciones.**



María Suárez Cotelo

1. Que é a promoción da saúde?

Definición: Son os procesos que permiten ás persoas incrementar o control sobre a súa saúde para melloralala.

Céntrase nos **determinantes de saúde**, combinando a comunicación, a educación, a lexislación, as medidas fiscais, etc.



1. Promoción, protección e prevención.

3 conceptos moi parecidos pero diferentes

Protección da
saúde



Dereito social básico que require actuacións legislativas do Goberno para facilitar acceso á saúde.

Prevención da
enfermidade



Evitar, deter ou atenuar as consecuencias dunha enfermidade:
Prevención primaria.
Prevención secundaria
Prevención terciaria

Promoción da
saúde



Toma de conciencia dos problemas, fundamentalmente, en *personas sas*.

1. Promoción, protección e prevención.

PROTECCIÓN DA SAÚDE

<https://cadenaser.com/comunitat-valenciana/2023/09/21/las-gafas-el-dentista-o-el-gimnasio-las-nuevas-deducciones-del-consell-en-el-irpf-radio-valencia/>

<https://www.lavozdegalicia.es/noticia/galicia/2023/09/18/134000-escolares-gallegos-tendran-bono-120-euros-practicar-deporte-comprar-material-deportivo/00031695032792388626706.htm>

 Amazon.es  Booking.com  eBay  Facebook  Google  YouTube



La Voz de Galicia

Lee sin límites todas las noticias [Suscríbete](#)

Ley 42/2010, de 30 de diciembre, por la que se modifica la Ley 28/2005, de 26 de diciembre, de medidas sanitarias frente al tabaquismo y reguladora de la venta, el suministro, el consumo y la publicidad de los productos del tabaco.

 Ver texto consolidado

GALICIA

134.000 escolares gallegos tendrán un bono de 120 euros para practicar deporte o comprar material deportivo

Sociedad

Las gafas, el dentista o el gimnasio: las nuevas deducciones fiscales del Consell en el IRPF en la Comunitat Valenciana

El Consell estima un impacto en las cuentas de 199 millones de estas medidas, que incluyen también deducciones por compra de vivienda para los jóvenes

María Suárez Cotelo

1. Promoción, protección e prevención.

PREVENCIÓN DA ENFERMIDADE

A **prevención** céntrase en **accións** que se toman coa finalidade de **evitar, deter** ou **minimizar/atenuar** o impacto da enfermidade e a incapacidade.

Existen 3 niveis de prevención:

1. Prevención primaria
2. Prevención secundaria
3. Prevención terciaria

1. Promoción, protección e prevención.

PREVENCIÓN DA ENFERMIDADE

Prevención primaria:

- Son aquelas medidas que teñen como obxectivo IMPEDIR A APARICIÓN DE ENFERMIDADES (evitar).
- Lógrano: ou ben **evitando a exposición a factores de risco**, ou **aumentando a resistencia natural do organismo**.

1. Promoción, protección e prevención.

PREVENCIÓN DA ENFERMIDADE

Prevención secundaria:

- Son as medidas que teñen como obxectivo a **DETECCIÓN TEMPERÁ (precoz)** DA ENFERMIDADE, co fin de evitar progresión do proceso e proporcionar un **tratamiento precoz**.

1. Promoción, protección e prevención.

PREVENCIÓN DA ENFERMIDADE

Screening/cribado:

Definición:

Unha **proba de screening (ou cribado)** é un procedemento que se realiza a persoas **aparentemente sas** co obxectivo de **detectar de maneira precoz unha posible enfermidade**, **antes de que aparezan os síntomas**.

Características principais:

- Aplícase a **grupos amplos de poboación**.
- É **sinxela, rápida e pouco invasiva e xeralmente económica**.
- Non ofrece un diagnóstico definitivo, senón que **identifica casos sospeitosos**.
- Require probas posteriores para **confirmar o diagnóstico**.

Importancia para TCAE:

O/a TCAE colabora na preparación do material, atención á persoa paciente e rexistro dos datos.

1. Promoción, protección e prevención.

PREVENCIÓN DA ENFERMIDADE



1. Promoción, protección e prevención.

PREVENCIÓN DA ENFERMIDADE

Prevención terciaria:

- Son aquelas medidas levadas a cabo para minimizar as secuelas, rehabilitar, ou evitar recidivas.

1. Promoción, protección e prevención.

PREVENCIÓN DA ENFERMIDADE

PREVENCIÓN PRIMARIA	PREVENCIÓN SECUNDARIA	PREVENCIÓN TERCARIA
OBXECTIVO: Evitar aparición da enfermidade	OBXECTIVO: Diagnosticar precozmente a enfermidade.	OBXECTIVO: Evitar secuelas ou recidivas, rehabilitación.
EXEMPLOS: Vacinación, alimentación...	EXEMPLOS: screenings (mamografías, citoloxías, PSA, metabolopatías en RN, hipoacusia...)	EXEMPLOS: controis a enfermos (TA, sintrom...), rehabilitación...

2. **ÁMBITOS** E CAMPOS DE ACTUACIÓN DA PROMOCIÓN DA SAÚDE

ÁMBITOS DE ACTUACIÓN: **contextos** nos que se desenvolve a educación sanitaria:

- **Casa** (familia): desenvólvese o modelo de actitudes e comportamentos (os medios de comunicación permiten a entrada de campañas sanitarias no fogar).
- **Escola:**
 - Adquisición de estilos de vida.
 - Inicio de conductas de risco.
- **Medio laboral:**
 - Prevención de riscos laborales.
- **Centros de saúde**
- **Hospitais**
- ...

2. ÁMBITOS E CAMPOS DE ACTUACIÓN DA PROMOCIÓN DA SAÚDE

CAMPOS DE ACTUACIÓN: a quen vai dirixido (toda a comunidade) tanto grupal como individualmente. Os individuos ou colectivos teñen necesidades diferentes, por iso existen campos de actuación diferenciados (ex):

- **Según o seu estado de saúde:**
 - Sans: promoción xeral da saúde (ex: programa xente con don)
 - Enfermos: dirixida a prevención de complicacións, curación...
 - Grupo moi receptivo (a propia melloría ou recuperación supón unha motivación).
- **Según a etapa do ciclo vital:**
 - Infancia: vacinación, fluoración dental,...
 - Adolescencia: prevención de consumo de drogas, alcohol, ETS...
 - Anciáns: prevención de enfermidades crónicas e as súas complicacións (ex: ECV, deshidratación no verán...)
- **Según o xénero:** ex: violencia de xénero/distintas patoloxías según o xénero.

3. Quen pode ser axente de promoción da saúde? Á

Indica como poden promocionar a saúde as distintas profesións: en realidade, calquera persoa pode promocionar a saúde dentro do seu contexto. Non só as sanitarias

- Perruqueira: recomendando un champú especial a unha persoa que ten o cuero cabelludo seco (por ex)
- Mecánica de coches: por ex. levas o coche a facer unha revisión de filtros, aceite... e recoméndanche cambiar as rodas porque están moi gastadas.
- Mecánica de motos: por ex: recoméndache mercar un casco novo porque co tempo deterióranse (aínda que non o usases) e ti non o sabías...
- ...